

Nesta edición, debido ao impacto provocado pola crise sanitaria, vímonos na obriga de adaptar a realización do evento ás novas circunstancias. Por tanto, finalmente, para cumprir ca normativa de seguridade e hixiene, decidiuse estruturar as actividades en 4 bloques diferenciados: Mercado Maridar, Conferencias, Talleres e Actividades ao Aire Libre. Para a realización das mesmas delimitouse unha zona concreta do recinto, quedando da seguinte maneira: o Mercado realizouse na carpa de maior tamaño (600 m2) ou carpa principal, as conferencias na carpa mediana (100 m2) e a carpa máis pequena (54 m2) destinouse aos talleres. Ademais noutras zonas do recinto leváronse a cabo actividades ao aire libre. A continuación descríbense as actividades realizadas con maior detalle: 1.1. Mercado MARIDAR (stands) O denominado Mercado MARIDAR, que tivo lugar na carpa de maior tamaño, consistiu na exposición de produtos e servizos por parte dos produtores/empresas participantes no evento. Entre empresas e institucións houbo un total de 30 stands. Esta actividade levouse a cabo durante os tres días que durou o Encontro, en horario de 10:00 a 21:00 horas, venres e sábado, e de 10:00 a 14:00 horas, o domingo.

A continuación, e por orde alfabética, procedemos a enumerar os expositores presentes no evento :

- A-02 Velas:

- Información: <http://a-02velas.eu/>

- Actividade: turismo inclusivo e sostible, experiencias náuticas

- Agroflor:

- Información: <http://agroflorprofesional.es/es/>

- Actividade: produción e comercialización de flores e plantas

- Alamar:

- Información: <https://alamarsada.com/>

- Actividade: cursos de vela lixeira para nenos e adultos

- Alda Hotels:

- Información: <https://www.aldahotels.es/alojamientos/hotel-alda-sada-marina/>

- Actividade: hoteleira, xestión de aloxamentos

- Altavela:

- Información: <http://altavela.com/>

- Actividade: escola de navegación, turismo e ocio náutico

- ASpace:

- Información: <http://www.aspacecoruna.org/>

- Actividade: atención integral a persoas con parálise cerebral

- Bico de Xeado:

- Información: <https://bicodexeado.es/>

- Actividade: elaboración artesá de xeado

- Bodegas Lorenzo Bescansa:

- Información: <https://adegaslorenzobescansa.com>

- Actividade: produción de viño Branco Lexítimo Betanzos

- Bodegas Rilo:

- Información: www.bodegasrilo.com

- Actividade: produción de viño Branco Lexítimo, licores

- Cadenote Yacht:

- Información: <http://www.cadenote.com/>

- Actividade: servizos náuticos e actividades náuticas

- Confraría de Pescadores de Sada:

- Información: <http://cofradiasada.org/index-es.html>

- Actividade: Pesqueira

- Concello de Sada:

- Información: <https://www.sada.gal/>

- Actividade: promoción económica e do turismo

- Eco y Natural:

- Información: <https://www.instagram.com/ecoynatural/>

- Actividade: cosmética natural

- El Plantel:

- Información: <http://www.elplantel.com/>

- Actividade: produción e comercialización de produtos agrícolas

- ENSA, Escuela de Navegación:

- Información: <https://www.ensaescuela.com/>

- Actividade: escola de navegación, turismo e ocio náutico

- Federación de Asociacións Empresariais das Mariñas:

- Información: <https://www.facebook.com/FAEasmarinas/>

- Actividade: representación empresarial

- GALP / GDR:

- Información: <https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-sur>

- Actividade: entidade colaboradora coa Consellería do Mar

- Granxas de Lousada:

- Información: <https://es-es.facebook.com/GranxasdeLousada>

- Actividade: produción de hortalizas, tubérculos e ovos

- Horno San Isidro:

- Información: <https://sanisidrobakery.com/>

- Actividade: panadería e pastelería artesá

- Juan García Pesca:

- Información: <http://juangarciapesca.com/>

- Actividade: comercialización de peixe

- Lutega S. C. G:

- Información: <http://www.lutega.com/>

- Actividade: produción de lúpulo

- Marmar Outdoor:

- Información: <https://marmaroutdoor.es/>

- Actividade: turismo activo

- Mel do Covo:

- Información: <https://www.facebook.com/Mel-Do-Covo-117579068899984/>

- Actividade: produción de mel e derivados e licores

- Orballo:

- Información: <https://orballo.eu/>

- Actividade: infusións, especias e arroces ecolóxicos

- Os Biosbardos:

- Información: <https://www.osbiosbardos.com/>

- Actividade: produción ao aire libre de produtos da horta

- Portomuíños:

- Información: <http://portomuinos.com/>

- Actividade: cultivo e comercialización de algas comestibles

- Queixos Cagiao:

- Información: <https://www.facebook.com/Queixos-Cagiao-206904516147763/>

- Actividade: elaboración artesá de queixo con leite propio

- Reserva da Biosfera:

- Información: <http://marcabiosfera.marinasetanzos.gal/>

- Actividade: asesoramento empresarial, medioambiental, innovación

- Salsa O Preve:

- Información: <https://salsasopreve.com/>

- Actividade: elaboración de salsas con produtos naturais

- Tomates como los de antes:

- Información: <https://tomatescomolosdeantes.es/>

- Actividade: cultivo ao aire libre de tomates e outros produtos da horta

Conferencias A carpa mediana destinouse á realización de actividades formativas, tanto para os produtores/empresas participantes como para o público en xeral. Fixéronse conferencias, charlas e encontros, e tamén se levou a cabo a entrega do Premio MARIDAR II e o acto de Clausura do Evento.

As actividades realizadas foron as seguintes:

- Proxecto Ourizo de Mar
- Turismo do Mar e da Natureza na vila de Sada e na Comarca das Mariñas.
- Marca Reserva da Biosfera.
- A saúde a través do deporte e da dieta. ¿Porqué enfermamos?
 - Dinamización empresarial mediante modelos colaborativos e Economía Azul.
 - Dinamización do turismo baseado no mar e na natureza.
- Emprendemento empresarial e casos de éxito.
 - Cooperación e Solidariedade para unha sociedade máis xusta. O social como clave.
- Encontro dos expositores co Concello de Sada e ca Organización do Evento
- Entrega do Premio MARIDAR II.

Talleres

Na carpa máis pequena fixéronse obradoiros para nenos, talleres de cociña e showcookings.

- OBRADOIROS:

- Obradoiro infantil sobre ecoloxía e reciclaxe.
- Obradoiro de cociña de menús equilibrados e saudables.
- Obradoiro infantil de manualidades con materiais derivados do mar.
- Obradoiro infantil: Coñece os animais mariños.
- Cata: ¡agudiza os teus sentidos!
- Obradoiro Maridaxe.
- Obradoiro infantil: Aprendendo a comer peixe
- SHOWCOOKINGS: Cociñando peixe - a pescada.

Actividades ao Aire Libre

Ademais de todo o mencionado, nesta edición leváronse a cabo outras actividades tanto de carácter lúdico como formativo. A maior parte delas realizáronse no propio recinto, agás das viaxes en barco que foron pola ría.

NO RECINTO:

- Actividades de Remo
- Obradoiro sobre Medio Ambiente pola Cruz Vermella.
- Obradoiro sobre Primeiros Auxilios pola Cruz Vermella.
- Mostra de Graffiti (Homenaxe Isaac Díaz Pardo)
- Exposición fotográfica.

NO MAR:

- Saídas en veleiro.
- Saídas en embarcación a motor.
- Saídas en catamarán 100% eléctrico e accesible.